

Opinións recollidas no [blog da Biblioteca](#) do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. O libro está dividido en dúas partes, e á súa vez en relatos curtos, os cales narran historias que teñen como protagonista a Felipe, un "criado" de Merlón e a súa familia. Felipe ás veces axuda os diversos personaxes que van pedirlle axuda a Merlín, pois este é un famoso mago, para que lles quite os meigallos que lles fixo algún demo... Todo isto sucede na primeira parte. Na segunda parte Felipe é o único protagonista. Conta as historias que lle contan algunhas persoas no seu camiño a Pacios. En definitiva, a min o libro non me gustou moito polo léxico que emprega, un pouco complicado de ler, e tamén porque ten moita descrición. **(Andrea)**

2. Esta obra de Álvaro Cunqueiro é unha das lecturas máis difíciles deste ano. Está dividida en dúas partes á súa vez estruturadas en relatos breves cheos de elementos e personaxes fantásticos como princesas, ananos... Entre eles gardan certo paralelismo xa que comezan cando Merlín recibe unha visita de alguén que precisa dos seus servizos e rematan cando os visitantes marchan de Miranda. É unha obra longa o cal non facilita a súa lectura e o que máis dificulta o traballo é sen dúbida o léxico empregado polo autor e o uso de tantos nomes tanto de lugares como de persoas que aparecen nos relatos. **(Judith)**

3. É un libro entretido, dividido en capítulos, nos que, en cada un deles, relata os problemas de algún personaxe secundario que vai a buscar consello ante o sabio Merlín, mago apousetado na terra de Miranda localizada en Galicia. Os relatos están postos en boca do seu criado, que vai contando a sucesión de visitantes que Merlín vai recibindo. A min persoalmente non é dos libros que máis me entusiasma, xa que está escrito cun léxico algo exixente e incluso difícil de entender se non é polo contexto, por iso, fíxoseme algo aburrido sobre todo cara o final cando as historias comezan a facerse algo repetitivas. Recoméndollo ao que lle gusten as novelas de contos e relatos porque entón lle vai gustar. **(Daniel)**

4. A verdade é que é un libro difícil. É un bo libro e ten historias interesantes, pero narradas dun modo complicado, exceso de personaxes e sobre todo unha linguaxe desfasada e antiga. Unha antoloxía sería interesante. Á marxe da crítica teño que dicir que tiña historias verdadeiramente interesantes, coma a da princesa que cae feita anacos, ou a do mundo subterráneo. En síntese, é una obra entretida, pero en tempo de lecer e non para examinarse. **(Santi)**

5. Cunqueiro cédenos este clásico, "Merlín e familia" onde hai un elevado número de relatos, cóntannos a vida que levaba Felipe, de axudante na casa do bo mago Merlín. É tan grande o número de historias e tan diferentes entre elas que o libro mergúllate nun mundo fantástico do que é difícil saír. Conta cun grado de fantasía case incomparable con ningún dos libros que ata agora lín en galego, e axudado pola súa fácil lectura, pódese dicir que é unha boa lectura de calidade. **(Ania)**

6. A obra de *Merlín e familia* está formada por diversos relatos nos que o tema fundamental é a maxia, tomando como personaxes a sereas, ananos, demos... A obra, dividida en dúas partes, contén diversos relatos contados por Felipe, o cal axuda ao mago Merlín en todas as súas fazañas. O libro non me gustou moito porque os relatos son de carácter fantástico e subrealista e non son do meu agrado, pero aínda así hai que recoñecer que é un libro doado de ler a pesares da dificultade de comprensión dalgunhas palabras xa en desuso. **(Teresa)**

7. Este libro atópase dividido en dúas partes, divididas en diversos capítulos nos cales o paxe de Merlín lembra o tempo cando traballaba para el, exercendo coma criado, tamén se nos contan as diversas visitas de diferentes personaxes que en procura de consello visitan a Merlín. Persoalmente foi un dos libros que menos me gustou polo tema e ademais fíxoseme longo. **(Rebeca)**.

8. Esta obra, composta de dúas partes moi desiguais no que a extensión respecta, relata as experiencias e as increíbles, por chamalo dalgunha maneira, 'aventuras' do axudante do señor Merlín, coñecido feiticeiro, ó que acoden personaxes de diverso tipo para pedir axuda para levar a cabo as máis extravagantes accións. Tras ler dúas ou tres veces o primeiro capítulo, conseguín afacerme, inda que non de todo, á forma de redactar do autor, e as verbas e palabras do idioma antigo que fan que non resulte moi doado comprender, ás veces, o significado dalgunhas frases. Atopei moito máis interesante a primeira parte cá segunda, xa que as historias son moito máis ocorrentes, inda que a última da segunda parte, fíxome sorrir en algún que outro intre. Non me ilusionou moito a lectura, xa que o xénero fantástico non me entusiasma, e mesturado coa problemática do galego antigo, conseguiron que rematase a obra cun non moi bo sabor de boca. Non por iso quero desmerecer a importancia de este libro, pois coído que o seu valor imaxinativo é impresionante. A combinación da vida cotiá coa maxia alentadora do feiticeiro Merlín, fan que o libro

cobre unha estraña pero atractiva vida propia. En resumo, non quedei moi satisfeita con esta lectura, pero asombroume a imaxinación de cada unha das súas historias. **(Xulia)**

9. Esta obra de Álvaro Cunqueiro pareceume moi orixinal e creativa. As súas historias e relatos son moi fantasiosos e teñen unha base de fábula e lendas populares. Ao meu parecer é unha obra de difícil lectura e comprensión polo rebuscado vocabulario e polas oracións longas e de sintaxe complexa. En xeneral, o que son as historias, gustáronme pola súa fantasía e maxia, mesturando seres e cousas reais con outros de mundos mitolóxicos ou lendarios. Das dúas partes gustoume máis a primeira, xa que me parece máis interesante e máis divertida cá segunda. As personaxes parecéronme moi variadas, exóticas e, nalgún caso, cómicas. Gústame a maneira de describir os contextos e as personaxes do autor, pero recalco a complexidade de termos e sintaxe. En conclusión, gustoume a obra pola súa mestura do real e irreal, e pola variedade de personaxes, así como a maneira de enfocar as historias de maneira autobiográfica por medio do criado do mago Merlín. **(Álvaro)**

10. Álvaro Cunqueiro mestura nesta obra unha grande cantidade de elementos imaxinarios (lendarios, algunhas invencións persoais, personaxes das lendas artúricas, etc.) coa mesma realidade, a cal describe en moitas ocasións de maneira clara e precisa, o que fai que toda a historia se converta nun relato ameno, sinxelo de interpretar e entender (agás por algunha que outra verba ou expresión do galego empregado por Cunqueiro), e doado de ler. A narración componse dunha historia na que o paxe de Merlín, Felipe de Amancia, vai lembrando as súas vivencias da nenez en Miranda, e relátanos como alí o seu amo ía solucionando, cun grande enxeño, todos os casos que se lle presentaban (feitizos, maldicións, enfermidades estrañas, maxia...). Por isto, o libro componse de diferentes partes ou capítulos que constitúen os diferentes casos planeados ao señor Merlín. Unha das que a min máis me gustou foi a do espello do mouro, na que o mouro Alsir acode a Miranda a visitar a Merlín por causa dun espello (o cal lle regalara Alsir a dona Ofelia, que vive con don Hamlet) que amosa acontecementos espantosos (até a morte por afogo de dona Ofelia). Merlín cóntalle ao mouro que ese espello coñecía o ben, pois participara na súa creación, e unicamente debería de amosar o futuro, mais un erro na súa fabricación propiciara que, ademais do futuro, amosase cousas imaxinarias que lle viñan en gana. Merlín mércalle o espello a Alsir e ... En resumo, "Merlín e familia" pareceume un libro axeitado e penso que acertei coa súa escolla. Recomendaríallo á xente que aínda non o leu. **(Eduardo)**

11. O libro de Álvaro Cunqueiro nármanos a historia de Felipe, o axudante do mago Merlín, co que vive e co que comparte todos os seus segredos. É unha historia que trata da maxia coa a aparición de demos, lobishomes, sereas, paraugas con poderes e unha gran cantidade de seres e obxectos fantásticos que dotan ao libro dunha grande cantidade de fantasía e imaxinación. É un libro composto de moitos relatos cunha historia diferente en cada un pero cós mesmos personaxes principais: Merlín e mais o seu axudante. Ademais o libro consta de dúas partes: na primeira Felipe relátanos os distintos casos que entran na morada de Merlín, e na segunda Felipe tomará parte nos relatos que se narran na pousada de Termar. Na miña opinión é un libro bastante difícil de ler debido á linguaxe que utiliza, cun galego moi trabado e antigo, que provoca polo menos no meu caso erros na interpretación do libro, lectura que se complica máis debido á gran cantidade de nomes que aparecen ó longo dos relatos. De tódolos xeitos pareceume interesante o trato que fai da maxia e dos personaxes do reino de Camelot, o que produce unha fusión do mundo real e do máxico. **(Joaquín)**

12. *Merlín e familia* é unha obra que narra diversos relatos do mago Merlín a través do seu axudante Felipe na terra de Miranda. É un libro cheo de moita imaxinación e fantasía con ananos, sereas, persoas que mudan en seres estraños por mor dos meigallos, remedios para os casos máis raros e descoñecidos... O libro consta de dúas partes: na primeira nárnanse historias de todos os personaxes que visitan ao mago para que remedien a súa situación, e na segunda parte, o seu axudante, Felipe, é partícipe das historias aínda que está presente en todos os relatos a causa do papel de narrador. Persoalmente, foi un libro que non me gustou xa que o vocabulario, ao estar escrito en galego non normativo non era moi doado de comprender, había moitos personaxes e historietas dentro dos propios relatos e foi un libro que non me "enganchou" como me pasou con outros. Aínda así, recoñezo que é un libro escrito con moita imaxinación. **(Tamara)**

13. Este é un libro no que se relata a vida dun criado do mago Merlín chamado Felipe e dos sucesos que lles acontecen ao resto de servos e ao propio Merlín cando algúns personaxes como sereas, princesas ou mouros chegan á casa de Merlín en Miranda pedindo que os axuden coa maxia deste. Na parte final desta novela o criado relátanos historias máxicas que os habitantes do lugar din que ocorreron na zona de Miranda, coma o do Mesón grego entre outras. A novela está escrita polo criado na súa vellez na que expresa a morriña que sente pola súa mocidade. Persoalmente este é un libro que non me gustou moito porque a incorporación de tantos elementos descritivos na narración fan que a lectura se faga moi confusa e a comprensión correcta do que se nos conta moi difícil. O vocabulario é moi culto e non moi dado de entender. Aínda así algúns capítulos lograron gustarme como o de "A sirea

grega" ou "O espello do mouro". Neste último se relata diversos sucesos relacionados con personaxes da literatura universal como Hamlet ou Ofelia. **(Sara)**

14. Comezo dicindo que este non é o tipo de libro que a min me gusta, pero a pesar disto a obra en si non me gustou. Atopeime con bastantes dificultades no vocabulario, xa que é moi complexo e a parte diso as historias fixéronse moi pesadas e custoume moito seguilas. A obra está estruturada en dúas partes, na primeira nárranse as historias das distintas personaxes que viaxan ata Miranda para pedirlle consello ao Merlín, e na segunda é Felipe o paxe de Merlín e en todo momento o narrador do relato, o que será partícipe nas historias que contan os viaxeiros na pousada de Termar onde está hospedado. A historia remata cunhas poucas páxinas nas que Felipe lembra ao seu amo Merlín e a terra de Miranda, onde tanto tempo viviu. **(Noela)**

15. A obra está formada por diversos relatos cun punto en común, a maxia. Nos capítulos atopamos princesas, paraugas, sereas, pantasma... todos eles encantados. O protagonista da obra é Felipe, el será o narrador das misións como axudante do mago Merlín, pero nalgunhas ocasións serán os propios personaxes os narradores do que lles acontece. A obra está dividida en dúas partes, na primeira nárrase as historias das persoas que van visitar a Merlín para pedirlle axuda; na segunda parte, Felipe será partícipe dos sucesos. En definitiva o libro non me gustou porque o vocabulario é un pouca antigo e non é doado de entender a lectura. Pero si é un libro moi rápido de ler **(Andrea)**